

Cada vez máis preto das persoas



Humanidade
Imparcialidade
Neutralidade
Independencia
Voluntariado
Unidade
Universalidade



**xóvenes
como axentes
de cambio**

1. Información Xeral

A continuación presentámosvos algúns aspectos para ter en conta e de interese xeral. Lede atentamente o documento, onde poderedes atopar información importante.

2. Descrición das xornadas

A xornada XAC están deseñadas para que a xuventude poida asumir un papel de liderado ético co fin de inspirar unha transformación positiva das mentalidades, actitudes e comportamentos tanto neles mesmos coma nas súas comunidades. Apóiase en dous piares:

1. orientación cara unha auto reflexión que lles permita aprender sobre eles/ elas mesmos/as, descubrir os seus talentos e fortalecer as súas habilidades e a crenza de que poden facer algo útil para a súa comunidade
2. a capacitación dos mozos e mozas para facer efectivo ese cambio utilizando como ferramenta para o cambio a nosa entidade, Cruz Vermella Xuventude.

3. Obxectivos

- Crear un espazo lúdico e participativo onde reflexionar sobre a participación e o liderado da mocidade
- Reforzar as habilidades de xestión e liderado do voluntariado
- Contribuír ao desenvolvemento persoal potenciando a convivencia e o respecto
- Fomentar a participación do voluntariado
- Inculcar un sentimento de traballo en equipo e cooperación, co fin de mellorar e facilitar a acción de voluntariado
- Profundizar en materia de perspectiva de xénero
- Promover actividades respectuosas e sostibles co medio ambiente

4. Data e lugar

Realizarase o fin de semana do **1 e 2 de Outubro** na [Casa da Terra](#), Antas do Ulla (Lugo).



A casa, está situada a 4km do pobo de Antas do Ulla, na aldea de Portocarreiro.

5. Qué imos facer alí?

PLANNING XERAL SÁBADO 1 OUTUBRO

11.00 – 11.30	Recepción e acollida de participantes. Reparto de habitacións
11.30 – 12.00	Acto de inauguración e presentacións
12.00 – 14.00	Exposición: "Xóvenes do cambio versión 2.0"
14.00 – 14.30	Coñecendo aos compañeiros/as
14.00 – 15.00	Xantar
15.00 – 16.00	Tempo libre
16.00 – 20.00	Formacións: a) <i>Educando as emocións</i> b) <i>O liderado ético</i> <small>*Farase un descanso para a merenda de 18.00 a 18.30 horas</small>
20.00 – 20.30	Tempo libre
20.30 – 21.30	Obradoiro: perspectiva de xénero
21.30 – 22.30	Cea
22.30	Velada

Universalidade

Unidade

Voluntariado

Independencia

Neutralidade

Imparcialidade

Humanidade

**PLANNING XERAL
DOMINGO 2 DE OUTUBRO**

9.30 – 10.00	Almorzo
10.00 – 10.30	Tempo libre
10.30 – 14.30	Formacións: a) <i>Potenciando o talento persoal e grupal</i> b) <i>Elaboración e xestión de proxectos</i> <small>*Farase un descanso nas formacións de 12.00 a 12.30 horas</small>
14.30 – 15.30	Xantar
15.30 – 16.00	Tempo libre
16.00 – 16.30	Exposición: “Proxectos europeos, unha oportunidade máis”
16.30 – 17.30	Obradoiro medioambiental
17.30 – 18.30	Xornada de reflexión e avaliación
18.30	Volta á casa

6. Formacións

A xornada conta cunha parte teórica (formacións) que se impartirán simultaneamente, polo que se debe escoller unha formación para o sábado e outra para o domingo.

Propostas do sábado:

1. Educando as emocións

A través de diferentes actividades e dinámicas, tomarase consciencia das diferentes emocións, habilidades sociais e a educación emocional.

2. Liderado ético

Esta formación será un espazo de intercambio, reflexión, aprendizaxe e xeración de coñecemento sobre o liderado, os estilos de liderado e a importancia que cobra converternos en persoas con coñecemento, críticas ante situacións inxustas e denunciar

aquelas prácticas que consideremos que vaian en contra dos dereitos fundamentais das persoas.

Propostas do domingo

1. Elaboración de proxectos sociais

Neste obradoiro traballaranse ferramentas para o deseño e posta en marcha de proxectos socioeducativos así como a súa xestión.

2. Potenciando o talento persoal e grupal

Neste taller, os/as participantes elaborarán un obradoiro paso por paso, dende a idea inicial ata a avaliación final, descubrindo ferramentas de estimulación da creatividade e desenvolvemento persoal. O desenvolvemento do talento persoal estará presenta de maneira transversal en todo o obradoiro.

7. Participantes e prazas

Voluntariado y equipo técnico de Cruz Vermella Xuventude de entre 16 e 35 anos. As prazas serán repartidas a demanda das provincias.

8. Proceso de inscrición

As persoas interesadas en participar na xornada terán que:

1. **Encher a ficha de inscrición.**

Hai dous tipos de fichas: para maiores de 18 anos e para menores de 18 anos. De novo, este ano, as persoas menores de 18 anos deberán vir acompañadas dun participante que asumirá a función de responsable do / da menor.

2. **Elexir ás formacións ás que se quere asistir**

3. **Entregar a ficha de inscrición cumprimentada na asemblea de Cruz Vermella máis próxima**

4. **Dende coordinación provincial de CVX*** (con copia á súa dirección provincial) deberán enviar as fichas de inscrición da súa provincia, **priorizadas por orde de preferencia**, ao correo xuventudegalicia@cruzroja.es hasta ó domingo 18 de setembro ás 23.59 horas.

*Non se admitirán ningunha ficha que non teña en copia á dirección provincial.

9. Condicións económicas

Todos os gastos das actividades do encontro, aloxamento, materiais e manutención (tanto do equipo como dos e as participantes) serán xestionados pola Oficina Autonómica.

O desprazamento ao lugar de realización NON será asumido pola Oficina Autonómica. De todos modos, se tedes dificultades para o traslado, por favor, contactade con nós para buscar unha solución.

A estación de tren e autobús máis próxima: Lugo. Pero tamén hai autobuses a Antas do Ulla, Monterroso e Palas de Rei. Se utilizades transporte público, podemos recollervos en algunha de estas localidades previo aviso cunha semana de antelación.

10. Aspectos a ter en conta

Recomendacións para a viaxe:

- Roupa e calzado cómoda
- Prendas de abrigo tipo sudadera, cazadora para a noite
- Chanclas para ducha
- Útiles de aseo persoal
- Toalla
- Tarxeta sanitaria e DNI (orixinal)

Nota: non é necesario levar saco de dormir pois as camas dispoñen de sábanas e mantas.

▪ Para máis información

Ante calquera dúbida ou aclaración, enviade un correo electrónico a:
xuventudegalicia@cruzroja.es